B) Outros acordos:

B1) Para o ano 2005 e 2006 a empresa concederá 3 días de permiso de asistencia a todos os traballadores, a desfrutar colectivamente e relacionado coa bolsa de horas.

B2) Mellora de emprego: ao abeiro do artigo 15 do Estatuto dos traballadores, segundo redacción dada pola Lei 63/1997 e Real decreto 2720/1998, que desenvolve o citado artigo 15 do Estatuto dos traballadores, e con base no principio de contribuír á competitividade da empresa, á mellora de emprego e á redución da temporalidade e rotación deste, chégase aos seguintes acordos:

1. Definición e natureza dos contratos.

Por razón da permanencia ao servizo da empresa, os traballadores clasificaranse en:

-Fixos.

-Interinos.

-Temporais.

1.1. Son traballadores fixos os vinculados á empresa en virtude dun contrato de traballo celebrado por tempo indefinido de forma verbal ou escrita.

1.2. Son traballadores interinos os que substitúen un traballador durante a súa ausencia por causas de enfermidade (IT), servizo militar, prestación social substitutoria e outras de natureza análoga que obriguen á empresa a reservar a súa praza ausente.

1.3. Son traballadores temporais os vinculados á empresa por un contrato de duración determinada de natureza conxuntural, estrutural ou formativa.

Os contratos de duración determinada por circunstancias do mercado, acumulación de tarefas ou exceso de pedidos poderán ter unha duración máxima de 9 meses, dentro dun período de 12 meses, contados a partir do momento en que se produzan estas causas, todo isto por remisión expresa ao convenio xeral da industria química.

Os contratos de duración determinada para a realización dunha obra ou servizo determinado, unha vez identificados os sectores con substantividade propia no ámbito da empresa, acórdase que sexan de aplicación aos traballadores que desenvolvan a súa actividade nas áreas relacionadas cos vehículos X84 de Renault e M59, C15 ou N68 de Citroën ou calquera outro vehículo que no transcurso da vixencia deste convenio se puider implantar.

Ambas as partes se comprometen a fixar anualmente os criterios xerais relativos á adecuada relación entre o volume destas dúas modalidades contractuais e o cadro de persoal total da empresa, en atención ao carácter estacional, conxuntural ou estrutural da actividade en que estas circunstancias se poidan producir, co obxecto de poder levar a cabo unha mellor adecuación dos recursos humanos á produtividade da fábrica.

No suposto de que algunha autoridade invalide a cláusula do convenio xeral da industria química a que se fixo remisión, o número 1.3 referente a contratos de duración determinada por circunstancias do mercado, acumulación de tarefas ou exceso de pedidos quedará sen efecto.

Ourense, 22 de abril de 2005.

*Resolución do 23 de xuño de 2005, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se corrixen erros na do 22 de abril de 2005 polo que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no* Diario Oficial de Galicia, *do convenio de ámbito provincial para o persoal laboral do Concello de Burela.*

Vista a certificación do acordo no Pleno da Corporación Municipal en sesión ordinaria celebrada o día 26-5-2005 do convenio colectivo para o persoal laboral do Concello de Burela, presentada nesta delegación o 20 deste mes, relativa á corrección de erros observados na publicación do citado convenio no DOG nº 107, do 6-6-2005, procede efectuar a seguinte corrección de erros:

Páxina 9.768, artigo 2º, «Período de vixencia».

Onde di: «Este convenio terá vixencia desde o día 1 de xaneiro de 2004 ata o 31 de decembro de 2007»; debe dicir: «Este convenio terá vixencia desde o día 1 de xaneiro de 2005 ata o 31 de decembro de 2007».

No parágrafo 2º do mesmo artigo 2º citado, onde di: «Os capítulos económicos serán incrementados anualmente, alomenos, e pendentes da mesa xeral de negociación, nas contías fixadas nos orzamentos xerais do Estado»; debe dicir: «Os capítulos económicos serán incrementados anualmente, alomenos, e pendentes da negociación co comité de empresa, nas contías fixadas nas leis de orzamentos xerais do Estado».

Así mesmo, procédese á publicación das táboas salariais que deberán figurar como anexo ao citado convenio e entenderse como parte integrante deste. Esta delegación provincial

*ACORDA:*

Primeiro.-Ordenar a corrección do convenio colectivo para o persoal laboral do Concello de Burela publicado con data do 6 de xuño de 2005.

Segundo.-Remitirlle o texto do citado documento á Dirección Xeral de Relacións Laborais da Xunta de Galicia.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Lugo, 23 de xuño de 2005.

Ana Chao Vázquez
Delegada provincial de Lugo

Retribucións do persoal laboral do Concello de Burela ano 2005

| POSTO DE TRABALLO | GRUPO | SALARIO | ANTIGÜIDADE | NIVEL | C. DESTINO | C. ESPECIFICO | EXTRA | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| JESÚS MARTÍNEZ RIVAS | E-OFICIAL 1ª. | 6.061,80 € | 742,80 € | 14 | 3.548,28 € | 2.784,07 € | 2.189,49 € | 15.326,44 € |
| EMILIO AGUIAR LÓPEZ | E-OFICIAL 1ª. | 6.061,80 € | 742,80 € | 14 | 3.548,28 € | 6.711,65 € | 2.844,09 € | 19.908,62 € |
| JOSÉ VIZOSO PERNAS | E-PEÓN | 6.061,80 € | 742,80 € | 14 | 3.548,28 € | 1.066,77 € | 1.903,28 € | 13.322,93 € |
| JOSÉ EMILIO GARCÍA LÓPEZ | E-PEÓN | 6.061,80 € | 891,36 € | 14 | 3.548,28 € | 5.499,28 € | 2.666,79 € | 18.667,51 € |
| JAIME PICO DE BERNARDO | E-PEÓN | 6.061,80 € | 891,36 € | 14 | 3.548,28 € | 2.784,07 € | 2.214,25 € | 15.499,76 € |
| ISMAEL GARCÍA GONZÁLEZ | E-PEÓN | 6.061,80 € | 742,80 € | 14 | 3.548,28 € | 5.347,28 € | 2.616,69 € | 18.316,85 € |
| PLÁCIDO VÁZQUEZ GÓMEZ | E-PEÓN | 6.061,80 € | 1.039,92 € | 14 | 3.548,28 € | 1.447,33 € | 2.016,22 € | 14.113,55 € |
| SANTIAGO SECO PERTEGA | E-PEÓN | 6.061,80 € | 594,24 € | 14 | 3.548,28 € | 3.042,42 € | 2.207,79 € | 15.454,53 € |
| ÁNGEL RUBIÑOS BEN | B-D. BIBLIOT. | 10.893,60 € | 1.973,40 € | 25 | 7.206,96 € | 736,68 € | 3.468,44 € | 24.279,08 € |
| PURIFICACIÓN LÓPEZ BLANCO | D-AUX. ADM. | 6.639,84 € | 594,00 € | 16 | 4.070,88 € | 890,00 € | 2.032,45 € | 14.227,17 € |
| ELVIRA CAYÓN LÓPEZ | D-AUX. ADM. | 6.639,84 € | 594,00 € | 16 | 4.070,88 € | 535,00 € | 1.973,29 € | 13.813,01 € |
| MANUEL CARBALLES GARCÍA | E-AG. NOT. | 6.061,80 € | 445,68 € | 14 | 3.548,28 € | 2.599,15 € | 2.109,15 € | 14.764,06 € |
| TOTAIS | | 78.729,48 € | 9.995,16 € | | 47.283,24 € | 33.443,70 € | 28.241,93 € | 197.693,51 € |

Oferta de emprego público 2005

| POSTO DE TRABALLO | GRUPO | SALARIO | ANTIGÜIDADE | NIVEL | C. DESTINO | C. ESPECÍFICO | EXTRA | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| AUX. ADM. | D | 6.639,84 € | 0,00 € | 14 | 3.548,28 € | 1.016,77 € | 1.867,48 € | 13.072,37 € |
| DELINEANTE | C | 8.120,40 € | 0,00 € | 21 | 5.506,92 € | 1.500,00 € | 2.521,22 € | 17.648,54 € |
| VACANTES: OFICIAL 1ª (6 PRAZAS) | E | 6.061,80 € | | 14 | 3.548,28 € | | | 10.710,72 € |
| AMORTIZACIÓN DE PRAZAS: 6 PRAZAS DE PEÓNS | | | | | | | | |

Persoal adscrito á empresa concesionaria de recollida de lixo e limpeza viaria:

Justo Cajoto Álvarez, oficial 1ª.

Pedro Martínez Soto, peón.

Beatriz Ramil Parapar, peón.

## ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

*Resolución do 11 de outubro de 2005 pola que se convoca un curso sobre a nova instrución da contabilidade pública na Administración local.*

Dentro do plan de actividades da EGAP para o 2005, e a través do Centro de Estudos Locais de Galicia, conforme coas funcións atribuídas pola Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da escola, e pola Lei 10/1989, do 10 de xullo, de modificación da anterior, convócase un curso sobre a nova instrución da contabilidade pública na Administración local, que deberá desenvolverse conforme as seguintes bases:

Primeira.-Obxectivos.

Actualización de coñecementos en materia contable, analizando desde un punto de vista práctico o novo marco xurídico da contabilidade pública local.

Segunda.-Destinatarios.

Funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional e técnicos de corporacións locais pertencentes aos grupos A/B ou asimilados.

Terceira.-Desenvolvemento.

3.1. Duración: 30 horas.

3.2. Lugares e datas:

Pontevedra: 14, 15, 16, 17, 21, 22, 23, 24, 28 e 29 de novembro de 2005.

3.3. Horarios: de 17.00 a 20.00 horas.

3.4. Prazas: 40.

Cuarta.-Solicitudes.

O persoal que desexe participar no curso programado deberá solicitalo coa presentación da instancia que segundo modelo oficial figura como anexo I desta resolución e cubrila en todas as súas epígrafes, e na que se farán constar, en todo caso, os seguintes datos:

Descrición do posto de traballo que desempeña na actualidade, acompañando á solicitude a certificación, que figura como anexo II desta resolución, na que conste o tipo de traballo que realiza e a súa relación co contido do curso.

Conformidade da entidade na que presta servizos. Cando o solicite máis dun interesado da mesma corporación, deberase especificar a orde de preferencia.

A falsidade ou ocultación de datos esenciais para a selección dos aspirantes dará lugar á exclusión automática do curso solicitado.

As solicitudes irán dirixidas ao director da EGAP e presentaranse no rexistro da Escola Galega de Administración Pública, rúa Madrid, 2-4, 15707 Santiago de Compostela, ou tramitaranse por calquera das outras formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Admitiranse tamén inscricións por telefax: 981 54 63 30, sen prexuízo da necesidade de remisión da solicitude orixinal por correo ordinario.